



Confederación Intersindical Galega

ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Concurso Inspectores: para eles sí que hai cartos

Onte asistimos á unha das Comisións de Valoración máis bochornosas dos últimos tempos. Danos vergoña ser testemuñas do pouco reparo que teñen os dirixentes desta casa para repartir cartos a mansalva aos privilexiados mentres o resto temos que sobrevivir con soldos mileuristas e, ademais, se por casualidade se nos ocorre participar nun concurso para achegarnos a nosa localidade de orixe vemos que, todo o máis seguro, perderemos cartos a costa de movernos de localidade.

A AEAT presentounos uns criterios de valoración que permite a promoción vía concurso (o resto do persoal non ten esa opción) e ademais, o que fan é adecuar as bases para que sexan os Delegados ou similares que decidan quen leva o premio da praza e quen non.

Isto non pode ser, é vergoñento. Para a **CIG** trátase dunha reclasificación encuberta para que os inspectores pasen a ter complementos específicos escandalosos (entre 31.000 e 41.000 euros) mentres o resto do persoal ten que conformarse cunha nómina que vai menguando ano tras ano.

Xa estamos fartos de oír por boca da Dirección da AEAT e de RR.HH que hai unhas limitacións presupuestarias, que por iso non hai reclasificación nin carreira administrativa. Por outro lado, nos medios de comunicación se nos vende a “recuperación económica” pero o persoal de a pé seguimos vendo as nosas nóminas conxeladas, que non hai cartos para acción social, que se recortan as prestacións de Muface...etc, etc.

Desde a **CIG** dicimos NON. NON a estes concursos amañados. NON a suba para os que máis teñen e NON ao traballo de saldo. Pero non vale con facer notas informativas, temos que facer algo máis, e o imos facer. Xa estamos fartos.

Por outro lado, por se alguén ten interese nos listados provisionais do concurso de inspectores, que saibades que estarán disponibles o próximo luns. Non teremos problema ningún en remitirllle os listados a quen os queira ver, o que sí, tede claro que non estamos pola labor de saturar os vosos correos electrónicos con esa información polo que non os remitiremos de xeito masivo...Total, para o que hai que ver....

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TEL:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM